



# PLÁSTICA PROVINCIAL ROMANA: ESCULTURA

7

En esta sala se exhiben las manifestaciones de la plástica provincial romana halladas en la provincia de Lugo en piedra (granito y caliza mármorea) que alberga el Museo: estelas, relieves y escultura en bulto redondo.

Presidiendo la Sala se encuentra la *Estela de Crecente*, sobre soporte granítico rectangular vertical con cabecera redondeada. Con sus 2,80 m. de altura es una de las más monumentales de la Península. Su frontal se organiza en tres registros, conjugándose arriba el grupo escultórico, en medio el texto epigráfico y una parte inferior a modo de tocón. En el grupo escultórico se representa a una familia indígena, emigrada de la zona septentrional del río Tambre, de cierto rango social, compuesto por el padre, Ambolo, la madre, de nombre desconocido, que sostiene en su regazo a su hijo pequeño, Apano, y la joven Apana, de 25 años, a quien se dedica la estela. Se visten y representan a la moda romana de la época, pero conservan su onomástica autóctona.

A su vera se muestra la colección de estelas bifrontes, compuesta por la *Estela de Adai*, en cuyo anverso aparecen dos figuras sedentes de diferente sexo, vestidas y peinadas a la manera tardía. En el reverso hay dos escenas, en la superior se muestra la lucha entre un hombre y un oso y en la inferior tres aves. A continuación la *Estela de Atán*, en cuyo anverso se representan dos figuras sedentes, actualmente descabezadas y vestidas con togas y túnicas de grandes pliegues; en el reverso dos caballos con sendos jinetes marchando hacia la izquierda, y separada por un baquetón horizontal, una escena inferior en la que aparecen un jabalí y un lepórido. Le siguen otras dos estelas bifrontes, labradas en bajo relieve con representaciones figuradas, probablemente de carácter funerario. En el anverso de la *Estela de la loba Capitolina* se representa una figura sedente única y en el de la otra, la *Estela de Hércules* dos personajes, completándose los reversos de ambas con las escenas mitológicas clásicas que le dan nombre.

En otras zonas de la sala se exponen muestras escultóricas en relieve como el *Relieve de Vilarín*, realizado sobre un sillar de granito en el que se representan de perfil y caminando uno detrás de otro, un toro con la cabeza erguida, una vaca y un ternero. El relieve debió de pertenecer a un edificio, posiblemente altoimperial, situado en una zona próxima a la vía XIX. El denominado *Relieve de Júpiter*, de temática militar, el *Relieve de O Corgo*, que representa el busto de un personaje masculino togado y el *Relieve del Signifer*, (portaestandartes) ejemplo de la corriente culta de la plástica provincial.

La colección se completa con el *Togado de Saa*, una de las pocas esculturas de esta época en bulto redondo labrada en granito de Galicia. Representa una figura togada, seguramente masculina, aunque tampoco se descarta que se trate de una matrona. Por último, la *Cabeza Femenina*, de mármol, ejemplo también de la corriente culta de la plástica provincial romana.





Folla de sala < Galego

# PLÁSTICA PROVINCIAL ROMANA: ESCULTURA

7

Nesta sala exhibense as manifestacións da plástica provincial romana atopadas na provincia de Lugo en pedra (granito e calcaria marmórea) que alberga o Museo: estelas, relevos e esculturas en vulto redondo

Presidindo a sala atopamos a *Estela de Crecente*, sobre soporte rectangular granítico vertical con cabeceira redondeada. Cos seus 2,80 m de altura é unha das máis monumentais da península. O seu frontal organizase en tres rexistros, conxugándose arriba o grupo escultórico, en medio o texto epigráfico e unha parte inferior a xeito de toco. No grupo escultórico represéntase unha familia indíxena, emigrada da zona setentrional do río Tambre, de certo rango social, composta polo pai, Ambolo, a nai, de nome descoñecido, que sostén no colo ao seu fillo pequeno, Apano, e a moza Apana, de 25 anos, a quen se lle dedica a estela. Vístense e represéntanse á moda romana da época pero conservan a súa onomástica autóctona.

Á beira, móstrase a colección de estelas bifrontes, composta pola *Estela de Adai*, en cuxo anverso aparecen dúas figuras sedentes de diferente sexo, vestidas e peiteadas ao xeito tardío. No reverso hai dúas escenas, na superior móstrase a loita entre un home e un oso e na inferior tres aves. A continuación a *Estela de Atán*, en cuxo anverso se representan dúas figuras sedentes, actualmente descabezadas e vestidas con togas e túnicas de grandes dobras. No reverso dous cabalos, cada un co seu xinete e marchando cara á esquerda, e separada por unha moldura horizontal, unha escena inferior na que aparecen un xabaril e un lepórido. Síguenlle outras dúas estelas bifrontes, labradas en baixo relevo con representacións figuradas, probablemente de carácter funerario. No anverso da *Estela da Loba Capitolina* represéntase unha figura sedente única e no da outra, a *Estela de Hércules* dous personaxes, e complétanse os reversos de ambas coas escenas mitolóxicas clásicas que lle dan nome.

Noutras zonas da sala expóñense mostras escultóricas en relevo, como o *Relevo de Vilarín*, realizado sobre un perpiaño de granito e no que se representan de perfil e camiñando un detrás doutro, un touro coa cabeza ergueita, unha vaca e un tenreiro. O relevo debeu de pertencer a un edificio, posiblemente altoimperial, situado nunha zona próxima á vía XIX. O denominado *Relevo de Xúpiter*, de temática militar, o *Relevo do Corgo*, que representa o busto dun personaxe masculino togado e o *Relevo do Signifer*, (portaestandartes) exemplo da corrente culta da plástica provincial.

A colección completase co *Togado de Saa*, unha das poucas esculturas desta época en vulto redondo labrada en granito de Galiza. Representa unha figura togada, seguramente masculina, aínda que tampouco se descarta que se trate dunha matrona. Por último a *Cabeza Feminina*, de mármore, exemplo tamén da corrente culta da plástica provincial romana.



DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo



REDE MUSEÍSTICA  
PROVINCIAL DE LUGO